



## **\* CIRCULAR INFORMATIVA GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO \***

No D.O.G. do 01 de Xuño de 2012 publícase a orde pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto para os alumnos matriculados en educación primaria, secundaria ou educación especial que non repitan curso. **Non obstante, o alumnado que repita 1º ou 2º de primaria poderá solicitar axuda xa que este material non pode ser reutilizado.**

As familias interesadas en acollerse ás citadas axudas deberán:

- a) Ter unha renda per cápita igual ou inferior a 9.000 €. Para o cálculo da renda per cápita terán que sumar os recadros 455 e 465 do exercicio fiscal 2010 e dividir entres os membros da unidade familiar.
- b) Presentar na secretaría do colexio a seguinte documentación:
  1. Solicitud de axuda, que poden recoller na secretaría do centro ou descargala da páxina web da consellería de educación.
  2. Libro de familia no cal figuren os membros da unidade familiar.
  3. No caso de non ter libro de familia, ou se a situación familiar non coincide coa reflectida no libro, terá que presentarse ou certificado de empadramento ou certificado do concello de residencia.
  4. No caso de discapacidade do alumno/a, do solicitante ou dalgún membro da unidade familiar incluídos na solicitude deberán acompañarse copia compulsada de:
    - ✓ Certificado emitido polo órgano competente do grao de minusvalidez cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%.
    - ✓ Resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

### **AS DATAS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES SON AS SEGUINTE:**

- A) Alumnado de Primaria do 02 de xuño a 02 de xullo (ambos inclusive).**
- B) Secundaria con todas as asignaturas aprobadas do 25 de xuño ao 26 de xullo.**
- C) Secundaria con materias pendentes do 01 de setembro ao 01 de outubro.**

Tras a validación da solicitude e da documentación presentada poderán recoller no colexio un vale para a compra dos libros.

**Touro a 01 de Xuño de 2012.**